

## **ORDENANZA FISCAL NÚM. 108**

### **TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.**

#### **ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO.**

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co dispuesto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigos 81 e 296 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó prevido nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

#### **ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.**

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos no termo municipal de Lugo, e o seu transporte ós centros de eliminación e posterior tratamento. O servizo pode prestarse por xestión directa ou indirecta.

Considéranse incluídos no servizo obxecto de gravame:

- a) A limpeza de soares ou locais dos que os ocupantes se neguen ou se resistan á orde de efectuala.
- b) A retirada de lixos, entullos e residuos que aparezan abandonados na vía pública.
- c) A recollida de mobles, aparellos ou trastos inútiles, escouras e cinzas de calefaccións e calquera outro producto ou material nos casos en que se solicite a prestación dos servizos municipais de recollida de lixos e residuos.
- d) Os desfeitos e residuos producidos en establecementos industriais e comerciais.

Quedan fóra do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que estean considerados, legal ou regulamentariamente, como tóxicos ou perigosos, os posuidores ou productores dos cales deberán cumplir as obrigacións establecidas nos artigos 5 da Lei 20/1986, de 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos, no artigo 13 do Real decreto 833/1988, de 20 de xullo, e preceptos concordantes.

2. A obriga de contribuír existe dende o momento en que se presta o servizo na zona na que se sitúa a vivenda ou establecemento, tanto urbano como rural. O servizo de recollida de lixo é de recepción e uso obligatorio para ocupantes de vivendas ou locais sitos neste municipio.

Presúmese a utilización do servizo cando existe posibilidade de habitar a vivenda ou de usar o local por contar con calquera dos servizos de subministración de auga, enerxía eléctrica ou rede de sumidoiros.

Neste suposto, a taxa devéngase e nace a obrigación de contribuír o primeiro día de cada trimestre natural, calquera que sexa o tempo de duración do aproveitamento dentro do exercicio.

### **ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO.**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario, usufructuario, habitacionista, arrendatario ou precarista.

No caso de vivendas ou locais presumirase que é suxeito pasivo o titular do abono ó servizo e, no caso de establecementos comerciais, a persoa a nome da cal figure a licenza de apertura e os restantes tributos municipais que gravan a actividade desenvolvida.

2. Responderán solidariamente das obrigacións do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42.1.a) e b) da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria.

## **ARTIGO 4º. EXENCIÓNS.**

Ó abeiro do establecido no artigo 24.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, gozarán de exención subxectiva os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para ter dereito á obtención deste beneficio, o interesado deberá acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello.

## **ARTIGO 5º. BASES DE GRAVAME E TARIFAS.**

a) Para as vivendas utilizarase o sistema de cota fixa. Os establecementos tributarán en función da actividade desenvolvida, da súa superficie, e no caso dos establecementos hoteleiros, do número de habitacións que posúan.

b) Tarifa xeral trimestral. Prestación xeral e obligatoria. Zona urbana.

b.1.) VIVENDAS, GARAXES PRIVADOS E LOCAIS SEN ACTIVIDADE:

21,00 €

b.2.) ACTIVIDADES COMERCIAIS, RECREATIVAS, PROFESIONAIS E OUTRAS:

|   |          |
|---|----------|
| Despachos profesionais e artistas:  | 21,10 €  |
| Comercio en xeral, bancos, seguros, clínicas e hospitais, almacéns, oficinas, edificios públicos, e, en xeral, actividades non comprendidas noutras alíneas destas tarifas. |          |
| - Ata 20 m <sup>2</sup> de superficie   | 46,84 €  |
| - De 21 a 100 m <sup>2</sup>  | 63,81 €  |
| - De 101 a 200 m <sup>2</sup>   | 76,79 €  |
| - De 201 a 400 m <sup>2</sup>   | 124,18 € |
| - De 401 a 1000 m <sup>2</sup>  | 207,15 € |
| - Máis de 1000 m <sup>2</sup> , por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso:   | 119,28 € |

Ás actividades de salón de peiteado, xastrería e confección que se desenvolvan nas vivendas dos titulares da actividade, aplicaráselles un coeficiente corrector do 0,5 sobre a cota que resulte en función da superficie utilizada, sempre e cando aboen, ademais, a cantidade que corresponda á vivenda.

Ós edificios ou locais pertencentes a administracións públicas aplicaráselles unha redución xenérica do 25% da superficie total computable en concepto de patios e corredores.

Non se esixirá o pago da taxa regulada nesta ordenanza ás administracións públicas, cando a recollida e traslado de residuos á planta de SOGAMA sexa pola totalidade deles, e as realicen as ditas administracións por si mesmas ou ben por medio dunha empresa especializada, sen que o Concello nin a empresa concesionaria do servizo de recollida de lixo interveñan en ningunha das fases.

#### b.3.) HOSTALERÍA:

|   |   |
|---|---|
| Hoteis, moteis, residencias, pensións, fondas, casas de hóspedes e establecementos análogos dedicados exclusivamente á hospedaxe, que poidan servir almorzos, pero non outra clase de comidas. Por habitación:  | 4,13 €  |
| Os mesmos establecementos citados no epígrafe anterior, se serven comidas. Por habitación:  | 8,28 €  |
| Restaurantes, cafeterías, bares, tabernas e establecementos análogos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ata 20 m<sup>2</sup> de superficie</li> <li>- De 21 a 100 m<sup>2</sup></li> <li>- De 101 a 200 m<sup>2</sup></li> <li>- De 201 a 400 m<sup>2</sup></li> <li>- De 401 a 1.000 m<sup>2</sup></li> <li>- Máis de 1.000 m<sup>2</sup>, por cada 1.000 m<sup>2</sup> ou fracción de exceso:</li> </ul> | 73,77 €<br>106,84 €<br>142,79 €<br>246,21 €<br>342,68 €<br>197,91 € |
| Salas de festas, baile e similares: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ata 100 m<sup>2</sup></li> <li>- De 101 a 200 m<sup>2</sup></li> <li>- De 201 a 400 m<sup>2</sup></li> <li>- De 401 a 1.000 m<sup>2</sup></li> <li>- Máis de 1.000 m<sup>2</sup>, por cada 1.000 m<sup>2</sup> ou fracción de exceso:</li> </ul>   | 112,25 €<br>136,09 €<br>269,66 €<br>391,54 €<br>225,60 €            |

|   |          |
|---|----------|
| Casinos, bingos, salas de xogo e similares:   |          |
| - Ata 50 m <sup>2</sup>   | 74,19 €  |
| - De 51 a 100 m <sup>2</sup>  | 111,24 € |
| - De 101 a 200 m <sup>2</sup>   | 148,30 € |
| - De 201 a 400 m <sup>2</sup>   | 254,93 € |
| - De 401 a 1.000 m <sup>2</sup>   | 347,63 € |
| - Máis de 1.000 m <sup>2</sup> , por cada 1.000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso: | 231,73 € |

A superficie dos locais, para os efectos de determinar a base de gravame, comprenderá a totalidade do local afecto á actividade, sen que proceda a exclusión de ningunha dependencia ou habitación por razón do seu uso específico.

#### b.4.) ESPECTÁCULOS. SALAS DE TEATRO, CINEMATÓGRAFO E SIMILARES:

|  |          |
|--|----------|
| - Ata 500 m <sup>2</sup> de superficie   | 193,83 € |
| - De 501 a 1.000 m <sup>2</sup>  | 236,38 € |
| - Máis de 1.000 m <sup>2</sup> , por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso: | 176,82 € |

#### b.5.) CENTROS DE ENSINO:

|   |          |
|---|----------|
| - Ata 20 m <sup>2</sup> de superficie   | 37,08 €  |
| - De 21 a 100 m <sup>2</sup>  | 68,14 €  |
| - De 101 a 200 m <sup>2</sup>   | 86,49 €  |
| - De 201 a 400 m <sup>2</sup>   | 146,41 € |
| - De 401 a 1.000 m <sup>2</sup>   | 207,17 € |
| - Máis de 1.000 m <sup>2</sup> , por cada 1.000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso: | 81,11 €  |

A superficie computable será, para este epígrafe número 5, a ocupada polas aulas nas que se imparta ou se poida impartir o ensino e, caso de ter internado, incluirase tamén a superficie destinada a dormitorios, comedores e cociñas. Non se incluirá a superficie ocupada por patios, corredores e instalacións deportivas. No caso de descoñecerse esta superficie excluída, aplicarase unha redución xenérica do 50% da superficie total computable.

#### b.6.) INDUSTRIAS, FÁBRICAS, TALLERES E SIMILARES:

|   |          |
|---|----------|
| - Ata 25 m <sup>2</sup>   | 35,72 €  |
| - De 26 a 50 m <sup>2</sup>   | 53,40 €  |
| - De 51 a 100 m <sup>2</sup>  | 68,14 €  |
| - De 101 a 200 m <sup>2</sup>   | 86,49 €  |
| - De 201 a 400 m <sup>2</sup>   | 138,11 € |
| - De 401 a 1.000 m <sup>2</sup>   | 204,37 € |
| - De 1001 a 2.000 m <sup>2</sup>  | 271,15 € |
| - Máis de 2.000 m <sup>2</sup> , por cada 1.000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso: | 61,66 €  |

Para determinar a superficie dos locais computarase a que resulte de sumar a totalidade dos andares ou pisos das naves ou edificios.

Tamén se incluirán nesta tarifa xeral trimestral para zona urbana as recollidas de lixo en zona rural cando se efectúen tres ou máis días de recollida á semana.

c) Tarifa xeral trimestral. Prestación xeral e obligatoria. Zona rural.

|                                       | Ó trimestre | Ó ano  |
|---------------------------------------|-------------|--------|
| Por cada vivenda, dous días á semana: | 10,25 €     | 41,00€ |

A cota que se liquidará en zona rural para os epígrafes comprendidos entre o número 2 e o 6, ambos inclusive, será a metade das tarifas correspondentes, establecidas para a zona urbana.

d) Para a recollida de lixos ou residuos abandonados na vía pública ou en soares, a base do gravame serán os gastos de persoal e de material polo tempo empregado no servizo segundo a conta presentada; conta que será sometida á aprobación da Alcaldía, tras o informe da empresa concesionaria e servizos afectados.

A totalidade das tarifas anteriores non inclúen a cota tributaria que resulte de aplicación á operación en concepto do Imposto sobre o valor engadido (IVE).

No caso de que se desenvolva nun mesmo local máis dunha actividade, tributarase pola tarifa máis elevada.

#### **ARTIGO 6º. PERÍODO IMPOSITIVO E COBRANZA DAS COTAS.**

1. O período impositivo coincidirá co trimestre natural, e a el referiranse as cotas sinaladas nas tarifas do artigo 5 desta ordenanza. Pola recollida do lixo na zona urbana emitirase un recibo por trimestre. E polo que respecta á recollida do lixo na zona rural poderá emitirse un único recibo anual.

2. A cobranza poderá realizarse en recibo conxunto coa Taxa da rede de sumidoiros e do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable. Están obrigados ó pago as persoas que constan como titulares da vivenda ou local para os efectos de prestación do citado servizo de augas, de conformidade co artigo 3 desta ordenanza. A alta no servizo de augas leva consigo a correlativa inclusión no Padrón de recollida de lixo.

No caso dos establecementos en que se realicen actividades distintas da habitación das persoas, a cobranza poderá realizarse conxuntamente con outros tributos municipais que recaian sobre a actividade realizada ou o local no que se exerce.

Cando a alta, baixa ou variación do padrón se deriva de solicitude ou declaración presentada polo interesado e a liquidación resultante non modifica os datos consignados polo propio obrigado tributario, non será necesaria a notificación expresa da alteración de bases.

3. O Concello poderá establecer o réxime de autoliquidación nos supostos en que este sexa aplicable.

4. Cando o consumo de auga dun inmoble comprenda varios locais ou vivendas e sexa efectuado conxuntamente por un só contador, as taxas por prestación do servizo de recollida de lixo efectuaranse tamén conxuntamente por importe da suma de tantas cotas trimestrais como vivendas e locais existan no edificio.

## **ARTIGO 7º. ALTAS, BAIXAS E DECLARACIÓNS**

1. As altas no Padrón da taxa de lixo-vivendas produciranse a partir das declaraciós dos propietarios ou usufructuarios de vivendas.

De entre os supostos de alteracións de orde física, económica e xurídica respecto das vivendas e para os efectos desta taxa, resultan relevantes as seguintes obrigas:

- a) No caso de nova construción, ampliación, rehabilitación, demolición ou derriba, os propietarios ou usufructuarios de vivendas deberán presentar declaración no prazo de dous meses a partir da data de terminación das obras na Xerencia Territorial do Catastro.
- b) No caso de adquisición de vivenda ou constitución de derecho de usufructo sobre elas, deberán presentar declaración no prazo de dous meses contados a partir da data da escritura ou documento en que se formalice a transmisión da propiedade ou constitución ou transmisión do derecho de usufructo na Xerencia Territorial do Catastro ou ben no Concello. Neste último caso, este remitirá a documentación á Xerencia Territorial, sen máis trámite.

As declaracions mencionadas anteriormente deberán formularse nos impresos que regulamentariamente determine a Dirección Xeral do Catastro.

A non presentación destas declaracions constituirá para os efectos da taxa de lixo-vivendas infracción tributaria grave.

2. Con relación a establecementos comerciais, industriais, profesionais, de artistas ou de outros usos, entenderase como declaración de alta a solicitude da preceptiva licenza de actividades e instalacions, que producirá efectos desde a data de concesión ou comezo efectivo da actividade. De iniciar unha actividade sen a preceptiva licenza, ademais de infracción urbanística estarase incorrendo en infracción fiscal grave. De forma excepcional, e sen prexuízo das sancions urbanísticas que procedan, a Administración de Tributos do Concello admitirá declaracions de alta para os efectos de recollida de lixo industrial, comercial ou profesional en instancia razoada polo suxeito pasivo titular da actividade. Desta forma pode obviarse a sanción tributaria. No caso dos traspasos de negocio, o antigo e o novo titular deberán achegar o cambio de titularidade formulado no Rexistro do Concello en impreso regulamentario para tal efecto. O incumplimento desta obriga terá así mesmo, a cualificación de infracción tributaria grave para o adquirente do negocio e infracción simple para o cedente.

Os documentos de cambio de titularidade así como de concesión de licenza de actividades producirán os efectos de notificación de alta no Padrón da taxa de lixo, e non será precisa a notificación individual da liquidación.

3. Para actividades profesionais que, excepcionalmente, non precisen, de licenza de actividade e instalación, os titulares deberán presentar formalmente

declaración do exercicio da actividade no prazo dun mes dende o seu inicio para os efectos da súa inclusión no padrón da taxa.

4. Os titulares de actividades deberán formular declaración de baixa cando cesen naquelas. O incumprimento desta obriga ten a cualificación de infracción simple de conformidade co artigo 29 da Ordenanza fiscal xeral.

5. Os suxeitos pasivos desta taxa deberán cubrir as súas declaracions con indicación certa e completa do enderezo fiscal e número de identificación fiscal. A omisión de calquera dos datos anteriores terá a cualificación de infracción simple segundo se dispón no artigo 29 da Ordenanza fiscal xeral.

6. As altas, baixas e variacions producirán efectos da seguinte forma:

6.1. As altas no Padrón da taxa de lixo-vivendas derivadas das declaracions de nova construcción ou rehabilitación producirán efectos dende o mesmo día en que se ocupen os inmobilés.

6.2. As modificacions derivadas de cambio de titularidade da vivenda ou constitución ou transmisión do dereito de usufructo producirán efectos dende o mesmo día en que o suxeito pasivo poña en coñecemento do Concello a transmisión ou constitución do dereito de usufructo.

6.3. As baixas por derribamento ou expropiación causarán efectos dende o día seguinte a aquel en que se formulen e, no seu defecto, dende a data na que se realice o derrubo ou se ocupe o ben pola administración expropiante, respectivamente.

6.4. No caso de altas de establecementos comerciais, industriais, profesionais ou doutros usos, estas causarán efectos no mesmo día en que se conceda a licenza de actividades ou a Administración municipal teña constancia da existencia do establecemento, salvo proba fehaciente en contrario.

6.5. As baixas de establecementos por cese de actividade producirán efectos dende o día seguinte a aquel en que se deixe de exercer a actividade.

6.6. Os cambios de titularidade na licenza municipal de actividades e variacions na cota relativas á taxa de lixo de establecementos que non sexan vivendas producirán efectos dende o mesmo día en que se formulen.

6.7. As cotas trimestrais ratearanse por días naturais, polo que no trimestre en que se produza unha alta esixirase a cota que corresponda dende o día da alta ata o último día do trimestre, ambos inclusive, e no trimestre en que se produza a baixa esixirase a cota que corresponda dende o primeiro día do trimestre ata o día da baixa, ambos inclusive.

7. Para os locais nos que se realicen actividades económicas, para os efectos de aplicación da taxa de recollida de lixo, será preceptivo presentar a declaración censual do Imposto sobre actividades económicas ou, noutro caso, declaración xurada na que se manifeste a actividade desenvolvida, así como presentarse documentación que acredite suficientemente os metros cadrados do local (escritura de compra-venda, contrato de arrendamento, licenza de apertura, etc.), sen prexuízo da comprobación posterior pola Administración.

## **ARTIGO 8º. INFRACCIÓN S E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elles correspondan, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza fiscal xeral.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 5 de novembro de 2001 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comenzará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

|                      |  |
|----------------------|--|
| PUBLICACIÓN ÍNTEGRA: | BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001 |
| MODIFICACIÓN:        | BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003     |
| MODIFICACIÓN:        | BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2003 |
| MODIFICACIÓN:        | BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004 |
| MODIFICACIÓN:        | BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005 |
| MODIFICACIÓN:        | BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006 |
| MODIFICACIÓN:        | BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007 |
| MODIFICACIÓN:        | BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008 |